

O Premio Rafael Dieste de teatro incluírá a montaxe da obra gañadora

Redacción | 10 de Marzo de 2017



Cesáreo Sánchez e Goretti Sanmartín

O Premio Rafael Dieste de textos teatrais incluírá a montaxe da obra gañadora, tal e como anunciou a Deputación da Coruña logo dunha xuntanza coa AELG.

Na xuntanza entre a vicepresidenta e responsábel da Área de Cultura da Deputación, Goretti Sanmartín Rei, e o presidente da

Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, Cesáreo Sánchez Iglesias, confirmouse a incorporación como novidade nas bases do Premio Rafael Dieste na súa nova edición a representación da obra gañadora, como fora suxerido tamén pola AELG.

“Incluír a montaxe da obra nas bases do premio de textos teatrais responde á aposta polas obras de teatro galego contemporáneo, unha das demandas de autores e autoras do xénero”, explicou Sanmartín. Desde a AELG tamén solicitaron que o premio Rafael Dieste tivera unha periodicidade anual o que a Deputación se comprometeu a estudar.